

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da seguinte Ordenanza :

- **Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en dominio público e espazos privados de uso público, vinculados a actividades comerciais e de hostalaría, no municipio de Valdoviño.**

Na súa virtude, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa : evitar instalacións e actividades carentes de regulamento.
- Necesidade e Oportunidade da súa aprobación : Novas necesidades e feitos que fan necesario contar con normativa municipal.
- Obxectivos da norma: Contar cunha ordenanza que regule a instalación das terrazas para as actividades comerciais que posibiliten o bo funcionamento dos servizos e coas garantías de seguridade no ámbito viario, seguridade cidadá, preservación do mobiliario urbano, e con adaptación ás necesidades actuais.

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández.